

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020325	IES Illa de San Simón	Redondela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	10
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	14
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	31
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	36

## 1. Introducción

O feito de que a linguaxe sexa o instrumento co que os seres humanos se comunican e realizan a maioría das súas aprendizaxes, outorga á área de Lingua e Literatura un protagonismo especial no currículo. A ensinanza é comunicación, intercambio, coñecemento compartido. Esta realidade implica que a consolidación das destrezas básicas do alumnado reverta favorablemente na aprendizaxe do resto das áreas.

Así pois, incorporamos, tanto nos contidos como no desenvolvemento e tratamento didáctico, o enfoque comunicativo da ensinanza da lingua, entendendo que a lingua é algo máis que unha disciplina, é o instrumento polo cal os seres humanos se comunican e constrúen o coñecemento. Por isto, o eixe que artella a área é a actividade comunicativa vencellada ás catro destrezas básicas (expresión oral, expresión escrita, comprensión oral e escrita) que, sen dúbida, deben auxiliarse e sosterse na reflexión sobre a lingua e a literatura, e na adquisición dunha serie de coñecementos propios da disciplina, que incrementen o coñecemento do idioma e a bagaxe cultural do alumnado.

A área de Lingua Galega e Literatura contribúe decididamente a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades seguintes:

- Comprender discursos orais e escritos, recoñecendo as súas diferentes finalidades e as situacións de comunicación nas que se producen.
- Expresarse oralmente e por escrito con coherencia e corrección, de acordo coas diferentes finalidades e situacións comunicativas e adoptando un estilo expresivo propio.
- Utilizar os recursos expresivos, lingüísticos e non-lingüísticos, nos intercambios comunicativos propios da relación directa con outras persoas.
- Utilizar a lingua como instrumento para a adquisición de novas aprendizaxes, para a comprensión e a análise da realidade, a fixación e o desenvolvemento do pensamento e a regulación da propia actividade.

O IES Illa de San Simón é un centro ubicado na zona urbana de Redondela, un concello de 30.000 habitantes, aproximadamente. Tamén hai alumnos que proceden de zonas rurais periféricas como Cesantes ou Reboreda.

O centro oferta os catro niveis de Educación Secundaria Obligatoria. O alumnado procede, case en exclusiva, do CEP Santa Mariña no que cursaron a etapa de educación Primaria.

Trátase dun centro que ten uns 250 alumnos, co queo achegamento profesor-alumno e a resolución de conflitos se os houber, resulta máis doada; aínda así, o departamento considera que a diminución de ratio profesor-alumno redundaría en beneficio do proceso de ensino-aprendizaxe.

O nivel social do alumnado escolarizado é variado (son fillos de pequenos empresarios, traballadores autónomos, operarios asalariados ou de profesionais liberais). Debido á crise aumentou o número de proxenitores que están desempregados ou que sufriron unha diminución importante dos seus ingresos, isto leva a situacións familiares de pobreza que achegan riscos evidentes de fracaso escolar. Tamén se debe salientar a presenza cada vez maior de estudantes procedentes doutros países, suramericanos, marroquís, chineses, romaneses...

O perfil lingüístico do alumnado vén determinado por esta procedencia urbana e tamén polo factor de idade. A maioría emprega o castelán en case todas as situacións. Porén, presenta un dominio aceptable da lingua galega debido á escolarización pero é "pasivo" xa que non a pon en práctica. Mostra, polo tanto, escasa fluidez no seu uso oral e problemas de corrección morfosintáctica (colocación do pronome átono, indiferenciación entre os pronomes te e che, tempos verbais compostos, perífrases de futuro coa preposición a), fonética (ausencia da diferenza de abertura nas vogais medias, despalatalización do x...) e léxica (substitución de moitas palabras por termos casteláns). Malia isto, constátase un vínculo afectivo coa nosa lingua que procede, ás veces, do contacto coas parroquias da contorna ou veces da convivencia cos parentes máis vellos, en especial os avós.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

## Descrición:

### 2.1. Descrición do modelo competencial

As competencias clave, segundo a recomendación do Parlamento Europeo e do Consello que recolle o decreto 86/2013, son “aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

No currículo, as competencias defínense como as «capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos».

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en indicadores de seguimento (entre tres e seis por competencia), grandes píaes que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores sexan, á súa vez, divididos no que se denominan descritores da competencia, que serán os que «describan» o alumnado competente. Por cada indicador de seguimento atoparemos entre tres e seis descritores, redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétese en desempeños competenciais, redactados en terceira persoa de presente do indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivo. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os elementos transversais, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos valores, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as diferentes potencialidades de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

## 2.2. As competencias na área de Lingua Galega e Literatura.

Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

### 2.2.1. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Desde a área de Lingua Galega e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

### 2.2.2. Comunicación lingüística (CCL)

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; por tanto, poderíamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, e dado que se explicitan nas unidades segundo a relevancia que teñen en cada unha delas, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade.

Destacamos, pois, os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...

- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

### 2.2.3. Competencia dixital (CD)

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un pilar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### 2.2.4. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un cauce perfecto para adestrar a competencia.

Traballamos, por tanto, os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### 2.2.5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

### 2.2.6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que priorizaremos son:

- Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

#### 2.2.7. Aprender a aprender (CAA)

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Galega e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Trabállanse os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

### 3. OBXECTIVOS PORA O CURSO

A Educación Secundaria Obrigatoria ten como obxectivos xerais contribuír a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsabilidade os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitir a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitir os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.



n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

### 3.1. OBXECTIVOS 2º ESO

1. Coñecer as características da linguaxe dos distintos medios de comunicación.

2. Analizar textos orais e escritos de medios de comunicación en formato dixital e en papel, para identificar ideas principais, comprender o contido e procesar a información mediante distintas ferramentas.

3. Distinguir ámbitos diferentes en textos orais, coñecer as súas características e os trazos que os diferencian.

4. Sintetizar e procesar información desde textos orais de distintos ámbitos.

5. Elaborar criterios para analizar criticamente o propósito comunicativo en textos orais diversos.

6. Elaborar argumentacións propias para expoñer o propósito comunicativo dos textos orais.

7. Recoñecer as connotacións en informacións implícitas nun texto oral.

8. Coñecer e aplicar as regras fonéticas e prosódicas que rexen a lingua galega.

9. Amosar coidado e interese por elaborar producións propias con corrección gramática, ortográfica e fonética.

10. Empregar o coñecemento da lingua e os contidos traballados para producir textos orais propios con coherencia, cohesión e corrección. Utilizar con corrección nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

11. Realizar exposicións orais sobre temas diversos seguindo unha estrutura ordenada e coherente, con soltura.

12. Coñecer e utilizar técnicas TIC que faciliten e axuden a mellorar as exposicións orais planificadas.

13. Elaborar opinións propias sobre temas diversos e expoñelas de maneira argumentada e ordenada en distintos contextos.

14. Participar de modo natural e por iniciativa propia en situacións de comunicación oral diversas: debates, corrección de exercicios, diálogos sobre temas, ... expoñendo e argumentando as ideas propias.

15. Coñecer e aplicar técnicas de comunicación oral nas exposicións ou en situacións diversas falando en público, coidando a postura, a modulación da voz, a estrutura do discurso, os medios empregados, etc.

16. Desenvolver estratexias para comprender mensaxes orais e escritas en situacións onde hai dificultades de comprensión.

17. Utilizar recursos dixitais e libros de texto para resolver dúbidas sobre vocabulario ou estruturas lingüísticas necesarias para producir con corrección na lingua galega.

18. Empregar os coñecementos da lingua para comprender e producir textos propios no contexto social no que nos desenvolvemos: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.

19. Coñecer os elementos fundamentais dos textos instrutivos e expositivos en contexto educativo: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. Utilizar ese coñecemento para comprender a mensaxe e utilizar as fontes de información con rigor.

20. Identificar e analizar as distintas fontes de información que son base esencial no proceso de adquisición de coñecementos.

21. Realizar lectura comprensiva de textos diversos: identificar ideas principais e secundarias, sintetizar e representar a información, elaborar argumentacións propias sobre o contido, relacionar o texto con experiencias ou outros coñecementos previos.

22. Realizar unha lectura en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.

23. Empregar estratexias metacognitivas para identificar canto e como aprendemos.

24. Coñecer os elementos esenciais e os tipos de noticias que aparecen nos medios de comunicación.

25. Elaborar noticias a partir dun modelo con coñecementos adquiridos.

26. Producir en formato papel ou dixital textos de distinta tipoloxía: cuestionarios, resumos, descrición, narracións e explicacións.

27. Producir textos escritos con un compoñente de goce persoal para comunicar experiencias, ideas e pensamentos.

28. Enriquecer con cada temática o léxico, vocabulario e frases da linguaxe habitual en lingua galega.

29. Empregar con soltura e precisión dicionarios e fontes de consulta para comprender textos, enriquecer o vocabulario e contrastar a fiabilidade das fontes empregadas.

30. Coñecer, empregar as normas que regulan os textos orais e escritos de diversos tipos.

31. Comprender que o uso de normas ortográficas e morfoloxías é necesario para o desenvolvemento da lingua.

32. Coñecer as normas de uso dos signos de puntuación e utilízalos en textos escritos con corrección.

33. Comprender a estrutura de substantivos e verbos para mellorar as habilidades de comprensión e produción lingüísticas.

34. Coñecer os elementos dunha oración desde o punto de vista sintáctico. Empregar este coñecemento para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
35. Realizar autoavaliacións sobre o traballo de maneira realista co obxectivo de mellorar a aprendizaxe.
36. Enriquecer a competencia lingüística co uso das distintas linguas en distintos contextos educativos.
37. Recoñecer a riqueza na diversidade cultural a través das linguas propias de cada pobo.
38. Reflexionar sobre a situación sociolingüística galega desde unha perspectiva social, histórica e xeográfica.
39. Coñecer a historia e as razóns das iniciativas normalizadoras da lingua galegas e describir a situación legal das linguas do Estado español.
40. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.
41. Ler expresiva e comprensivamente en público textos diversos.
42. Coñecer as características de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, e comparalos sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
43. Coñecer, identificar e interpretar recursos retóricos nos textos literarios.
44. Escribir de maneira autónoma textos de intención estética aplicando os coñecementos dos recursos literarios traballados.
45. Distinguir os trazos da linguaxe cinematográfica, identificalos e analízalos en diferentes obras de cine.

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Estaca de Bares	<p>Logo da avaliación inicial que se realizará os primeiros días do curso, continuarase co coñecemento iniciado en primeiro de ESO dos sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos) do galego e do portugués, poñendo o foco agora nas semellanzas e as diferenzas entre ambos os dous sistemas. Os contidos comunicativos xirarán arredor das secuencias narrativas e no emprego de recursos como a deixis. Aproveitaranse os textos relatados para reparar no uso coherente das formas verbais.</p> <p>Por outra banda, a lectura da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre (un poemario) servirá para acometer a análise dalgúns elementos constitutivos dun poema (a métrica e a rima). Este será o punto de partida para establecer as relacións internas entre estes e o sentido da obra, de modo que o alumnado sexa quen de diferenciar algúns subxéneros poéticos como a canción ou a sátira. Finalmente, en canto á reflexión sobre a lingua, afondarase no emprego das regras de acentuación e no acento diacrítico.</p>	10	12	X		
2	Ortegal	<p>O estudo dalgúns aspectos socioculturais relacionados con Portugal e outros países lusófonos ocupará as primeiras sesións da unidade.</p> <p>Non obstante, serán os contidos comunicativos e, en concreto, as secuencias textuais descritivas as que teñan maior protagonismo. Aproveitaranse as descrições propostas para incidir en</p>	10	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Ortegal	<p>aspectos ortográficos como o uso dalgúns signos de puntuación, especialmente o punto e coma e a paréntese.</p> <p>En relación á literatura, ademais continuar coa valoración da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre, afondarase no recoñecemento e análise dalgúns recursos expresivos e figuras estilísticas básicas.</p> <p>A reflexión lingüística centrarase na identificación dos distintos tipos de adverbios (lugar, tempo, modo, cantidade, afirmación, negación e dúbida) e no recoñecemento das interxeccións.</p>	10	12	X		
3	Prior	<p>Nesta unidade desenvolverase un proxecto monográfico que xirará arredor do coñecemento das linguas da Península Ibérica e outros idiomas próximos ao alumnado. Entre outras actuacións, elaborárase un glosario multilingüe en formato dixital que incluíra léxico cotián en galego, portugués, castelán, catalán, éuscaro, inglés e/ou francés e, de ser o caso, nas linguas das/os estudantes de procedencia estranxeira (chinés, árabe, ruso, ucraíno ...). Tamén se incorporarán, a través de códigos QR, expresións básicas (fórmulas de saúdo, despedida, agradecemento, desculpa etc.) en lingua de signos.</p> <p>Ademais, realizarase un pequeno traballo sobre a poesía contemporánea escrita en galego, portugués, catalán e éuscaro.</p> <p>O proxecto complementarase cun intercambio lingüístico virtual cun centro catalán que se concretará en distintas iniciativas (exposicións orais, agasallos de fotopoemas).</p>	15	14	X		
4	Roncudo	<p>O coñecemento das características e a estrutura de textos propios do ámbito académico (apuntamentos, exposicións orais e escritas, mapas conceptuais) será o obxectivo fundamental desta unidade. A conmemoración do Día Escolar da Non Violencia e a Paz, o 30 de xaneiro, servirá de eixe temático para o desenvolvemento de distintas actividades, incluídas as complementarias (encontro co Valedor do Pobo).</p> <p>No que se refire á literatura proseguirase coa análise do libro de lectura obrigatoria do segundo trimestre, unha obra da narrativa xuvenil actual, e abordarase o estudo dalgúns subxéneros literarios</p>	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Roncudo	<p>narrativos como o conto, a novela, a fábula ou a lenda.</p> <p>En canto á reflexión sobre a lingua, atenderase especialmente ás relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos e á clasificación das oracións segundo a voz (activas e pasivas).</p>	10	12		X	
5	Touriñán	<p>A análise dos textos que se difunden a través das redes sociais e dos medios de comunicación constitúe un dos aspectos máis salientables da unidade. A partir da lectura e valoración de entrevistas a persoas que manteñan distintos puntos de vista sobre temas ambientais, o alumnado establecerá un debate no que se defendan e/ou rexeiten distintas posturas. Alén diso, cada estudante deberá realizar un comentario para un blog no que achegue a súa opinión.</p> <p>O desenvolvemento destas actividades dará pé a insistir na importancia de manter a cortesía conversacional e de aplicar as normas de etiqueta dixital. Aproveitarase este contexto para elaborar un folleto informativo que inclúa un decálogo con estas pautas.</p> <p>Canto á lectura, gravarase un booktuber no que o alumnado dará a súa opinión sobre a novela de lectura obrigatoria.</p> <p>A reflexión sobre a lingua centrarase nas relacións semánticas (sinonimia, antonimia, polisemia...) e na clasificación das oracións activas (predicativas e atributivas).</p>	10	12		X	
6	Fisterra	<p>Esta unidade desenvolverá un proxecto didáctico centrado na banda deseñada e no libro de lectura obrigatoria do segundo trimestre (unha obra da narrativa xuvenil actual) que incluírá, entre outras actividades, a elaboración en grupo dun cómic en formato electrónico inspirado nesta.</p> <p>Para acometer este labor, ademais de realizar un traballo colectivo sobre o cómic en galego (inicios do xénero en Galicia, autoras/es máis salientables, temáticas etc.), o alumnado deberá aprender no obradoiro de banda deseñada as características formais, os elementos constitutivos e os recursos expresivos desta manifestación artística. Logo de elaborar as distintas tarefas e de rematar a fase de</p>	15	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Fisterra	creación, gravarase un breve vídeo explicativo sobre o proceso.	15	13		X	
7	Corrubedo	<p>Ao comezo da unidade estudaranse os principais trazos fonéticos e morfolóxicos do bloque e área lingüística da contorna do centro. Incidirase, así mesmo, na riqueza dialectal do galego e no rexeitamento de prexuízos lingüísticos.</p> <p>No que se refire ao bloque relacionado coa comunicación, comezarase a abordaxe e exemplificación, en textos dados, dalgunhas propiedades textuais (adequación, coherencia, cohesión).</p> <p>Os contidos literarios xirarán arredor do libro de lectura obrigatoria, unha peza teatral de temática feminista. A partir da análise do contido da obra dende unha perspectiva de xénero, estableceranse vínculos entre esta e aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas. Aproveitarase este marco para introducir aspectos teóricos relacionados coa clasificación dos subxéneros dramáticos (comedia, traxedia, drama).</p> <p>En relación á reflexión sobre a lingua avanzarase na identificación dalgunhas funcións sintácticas (axente, atributo, predicativo...).</p>	15	15			X
8	Silleiro	<p>As últimas semanas do curso destinaranse á edición dun boletín informativo que incluírá noticias, entrevistas, crónicas relacionadas co centro, coa comunidade educativa e cos sucesos máis salientables que aconteceron ao longo de todo o curso. O traballo de redacción destes textos servirá para afondar no coñecemento dalgunhas propiedades textuais, particularmente, dos mecanismos de cohesión (conectores textuais temporais, explicativos...); mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).</p>	15	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Estaca de Bares	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as semellanzas e diferenzas máis salientables entre os sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos) do galego e o do portugués.	PE	70
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p. ex. web do centro) e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza algúns dos elementos constitutivos dunha composición sinxela do poemario de lectura obrigatoria do primeiro trimestre (métrica, rima etc.).		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado recoñece algúns subxéneros poéticos sinxelos a partir da análise das relacións internas dos elementos constitutivos co sentido dunha obra (canción, sátira...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado distingue a categoría gramatical e o significado de parellas de palabras que se diferencian polo timbre aberto ou pechado da vogal tónica e sabe empregar correctamente o acento diacrítico.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado relata brevemente a experiencia escolar vivida o curso anterior (aspectos positivos e negativos), axustándose ás convencións das secuencias narrativas, expresándose con fluidez, no rexistro adecuado, empregando recursos como a deixé e usando con coherencia os tempos verbais.	TI	30
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado acode á biblioteca escolar e participa activamente nunha charla co/a autor/a do poemario de lectura obrigatoria. Tamén é quen de expresar a súa opinión sobre algún poema escollido por el ou ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos.
- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao círculo literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
2	Ortegal	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos socioculturais básicos relacionados cos países lusófonos, tanto de Portugal como doutros países como O Brasil (sistemas políticos, manifestacións artísticas, figuras representativas da literatura, música...).	PE	80
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p.ex. un roteiro do seu concello) e explica a interacción entre os diferentes códigos.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado emprega correctamente os signos de puntuación, con especial atención ao punto e coma e á paréntese, no texto descritivo redactado.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante dunha poesía dada do poemario de lectura obrigatoria do primeiro trimestre.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado reconece e valora algúns recursos expresivos e/ou figuras estilísticas presentes nun poema da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado identifica, en textos dados, distintos tipos de adverbios (lugar, tempo, modo, cantidade, afirmación, negación e dúbida). Tamén sabe reconecer as interxeccións.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado describe unha persoa coñecida (deportista, cantante, actor/actriz...). Alén das súas características físicas, tamén debe reflectir algún trazo do seu carácter e/ou da súa personalidade.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos.</li> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
3	Prior	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado elabora un glosario multilingüe que contén expresións e léxico cotián básico (en galego, portugués, castelán, éuscaro, catalán e inglés) e, de ser o caso, tamén nas linguas das/os estudantes de orixe estranxeira (chinés, árabe, ruso...).		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado recoñece fórmulas de saúdo, despedida, agradecemento, desculpa e léxico cotián básico en lingua de signos. Estas expresións signadas incorpóranse ao glosario multilingüe a través de códigos QR.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, dentro da actividade de intercambio virtual cun centro catalán, grava, en grupos, unha exposición oral sobre temas do seu interese relacionados con Galicia (música, deporte,...). Debe utilizar o rexistro adecuado, axustarse ao tempo establecido e ás convencións textuais.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado escolle e recita un poema no que haxa referencias a elementos da natureza e fai unha fotomontaxe con imaxes paisaxísticas da súa contorna. O produto final é remitido, en formato dixital, ao alumnado do centro catalán.	TI	100
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	O alumnado elabora, en grupos de 5-6 estudantes, un pequeno traballo sobre a poesía contemporánea en portugués, éuscaro e catalán e inclúe unha breve antoloxía de poemas nestas linguas. Debe seleccionar a información máis relevante e indicar correctamente as fontes consultadas.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado realiza procuras en manuais e dicionarios da Rede, atendendo a criterios de validez e fiabilidade. Tamén usa correctores ortográficos, procesadores de texto e programas de presentación para mellorar os seus traballos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Observación e valoración da diversidade lingüística da aula.
- Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega.
- Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos.
- Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	Roncudo	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado recoñece, en textos dados, as características formais e a estrutura de textos propios do ámbito académico (apuntamentos).		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, comprende o sentido global, selecciona a información máis relevante e valora a estrutura e os procedementos comunicativos empregados nun texto expositivo sobre o Día Escolar da Non Violencia e a Paz.	PE	75
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica as características da novela a partir da análise das relacións internas dos elementos constitutivos co sentido da obra narrativa de lectura obrigatoria do 2º trimestre. Tamén coñece algúns trazos básicos doutros subxéneros literarios narrativos (conto, fábula, lenda...) .		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado clasifica as oracións segundo a voz e diferenza entre activas e pasivas. Tamén sabe recoñecer a estrutura das oracións pasivas.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado analiza as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos e guiado polo seu profesor ou profesora, participa activamente na preparación da entrevista co Valedor do Pobo (ou persoa na que delegue) programada no apartado de actividades complementarias.	TI	25
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	A partir da lectura do texto anterior, o alumnado elabora un mapa conceptual sobre o Día Escolar da Non Violencia e a Paz que se conmemora o 30 de xaneiro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<p>- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.</p> <p>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.</p>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Touriñán	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado reconece, en textos dados, as características formais e a estrutura de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación, tanto analóxicos como dixitais (entrevista).	PE	45
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado sabe identificar e establecer relacións semánticas entre palabras: sinonimia, antonimia, homonimia e polisemia.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado sabe clasificar as oracións activas en copulativas (ou atributivas) e predicativas e estas, en persoais e impersoais.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, logo de escoitar varias entrevistas sobre un tema relacionado co coidado do medio, participa activamente nun debate sobre as opinións reflectidas. Cada alumna/o debe respectar a quenda de palabra e manter unha actitude de cortesía lingüística e cooperación conversacional.	TI	55
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado, logo de participar no debate e de documentarse sobre o tema tratado, escribe un comentario (para unha rede social ou un blog do centro), no que reflexiona brevemente sobre os contidos debatidos.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado coñece as normas de etiqueta dixital e reflicte as que considera máis importantes nun decálogo en formato electrónico que se difundirá na páxina web do centro.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado, por parellas, a modo de booktubers, grava un vídeo no que cadaquén dialoga e expresa a súa opinión sobre a obra de lectura obrigatoria do 2º trimestre.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Fisterra	13

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado participa activamente no obradoiro de banda deseñada e sabe identificar as súas características formais e os seus principais elementos constitutivos.	TI	100
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende o sentido global dun cómic proporcionado polo/a ilustrador/a que imparte o obradoiro e recoñece algúns dos recursos expresivos máis significativos do dito texto.		
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, en grupos de tres ou catro estudantes, selecciona información para realizar un traballo sobre o cómic en galego (orixes, evolución, temáticas, autoras e autores destacados...). Respéctanse os principios de propiedade intelectual e indícanse correctamente as fontes consultadas.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado, logo de visitar a biblioteca escolar, elixe un cómic e explícalles ás compañeiras e compañeiros o motivo da súa escolla; tamén pode expresarlles a súa opinión sobre algún lido con anterioridade.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado, por parellas, crea unha páxina dun cómic colectivo inspirado no libro de lectura obrigatoria do 2º trimestre.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, logo de localizar e contrastar a información pertinente e de rematar a fase de creación, grava un breve vídeo explicativo sobre o proceso.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar os traballos incluídos no proxecto coa axuda do profesorado, é capaz de recoñecer e emendar os erros formais e de contido detectados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Corrubedo	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado sabe detectar, a través de textos dados, as principais propiedades dun texto: coherencia, cohesión e adecuación.	PE	85
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado, logo de representar, en grupos, unha escena representativa da peza teatral de lectura obrigatoria, establece vínculos entre esta e aspectos da actualidade (igualdade de xénero, micromachismos, linguaxe discriminatoria etc.).		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza a forma e o contido da obra teatral de lectura obrigatoria do 3º trimestre dende unha perspectiva de xénero e valora os procedementos comunicativos empregados.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica as características básicas dalgúns subxéneros do xénero dramático (traxedia, comedia, drama, obra didáctica...)		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado relaciona e compara a obra teatral de lectura obrigatoria con outros textos e con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes (cine, música, banda deseñada...).		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado é quen de identificar, en oracións simples, as funcións de complemento axente, atributo e complemento predicativo.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado reconece os principais trazos fonéticos e morfolóxicos do bloque e área lingüística na que se insire a súa contorna e valora estes fenómenos como mostra da riqueza dialectal do galego.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción á reflexión interlingüística.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar.</li> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.</li> <li>- Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Silleiro	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado identifica a estrutura e os elementos propios dun boletín informativo e coñece as características formais dos textos que se van incluír na súa publicación (noticias, entrevistas e crónicas).	TI	100
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado planifica e organiza a forma e o contido do boletín informativo a través de notas, esquemas, resumos etc.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado sabe empregar nos textos redactados algúns mecanismos de cohesión (conectores textuais temporais e explicativos); mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos e hiperónimos).		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos, colabora activamente na elaboración dun boletín informativo con boa actitude e respectando as normas de cortesía conversacional.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e colabora na redacción dun boletín informativo ben estruturado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros salientables.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar os textos incluídos no boletín informativo coa axuda do profesorado, é quen de recoñecer e emendar os erros formais e de contido detectados.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado sabe utilizar dicionarios e manuais de consulta para enriquecer o seu traballo cun léxico máis variado e preciso, e con estruturas morfosintácticas características do galego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> </ul>

## Contidos

- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hipe-rónimos e elipses).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire un maior grao de protagonismo.

A área de Lingua Galegae Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais eo desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para adestrar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiren para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás próximas ao alumnado. As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

1- Partir da competencia inicial do alumnado: O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; o alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende. Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización. Consideramos esencial valorar a competencia inicial do alumnado para marcar o punto de partida de traballo e base da súa evolución na aprendizaxe posterior. Por iso é de vital importancia a avaliación inicial.

2- A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicarlos nas diferentes situacións da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que o alumnado non só sexa capaz de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias clave.

3- Potenciar metodoloxías activas e participativas. As actividades propostas soen incluír tarefas nas que o alumnado pode deducir ou inducir os contidos e poñer en práctica o aprendido participando en roleplays, etc. As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe.

4- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe. Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso a programación e a secuenciación de contidos necesita flexibilidade, de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poder aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que acadan día a día. Naqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, o libro de texto e os materiais elaborados polo profesorado poden ofertar actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

5- Unha aprendizaxe permanente. Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas). O papel do profesorado, máis que una mera fonte de contidos, debe dirixirse a ser facilitador do proceso de aprendizaxe, colaborador en cada etapa, e o alumnado debe adquirir a responsabilidade de ser parte activa no proceso de aprendizaxe que se alongará máis aló da ESO.

6- Uso habitual das TIC. Ten un papel moi importante a incorporación das TIC na educación, proporcionando diversos recursos materiais que ofrecen ao profesor a posibilidade de deseñar súas clases de forma personalizada e axustándose ás necesidades de cada momento:

- Ordenadores (portátiles)
- Pantalla Dixital Interactiva
- Conexión a Internet (WiFi, outros...)

A metodoloxía a seguir neste caso consistirá na utilización na clase do libro de texto. Este servirá de base para o traballo nas catro destrezas, no vocabulario, na gramática e nos aspectos socio-culturais da lingua. Este traballo de clase será complementado pola realización de tarefas diarias na casa e coa lectura dos libros propostos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do portugués contemporáneo de acordo com a nova ortografía. Rio de Janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Vigo: Xerais
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais
Fernández Fernández, Isaac (2010). Dicionario galego-euscaro, euskara-galiziera. Vigo: Universidade de Vigo
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo: Galaxia
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais
Frías Conde, Xavier (2022). O escáncer que sabía de máis e outras micropezas. Barcelona: La vaca voladora
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Vigo: Xerais
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais

López Viñas, Xoán; Lourenço Mórdia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais
Aulas Galegas: <a href="https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/">https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/</a>
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais
A historia da Banda Deseñada galega ( <a href="http://culturagalega.gal/noticia.php?id=16710">http://culturagalega.gal/noticia.php?id=16710</a> )
Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l'Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del català. Barcelona:Teide
Diccionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <a href="https://rinoceronte.gal/diccionario/">https://rinoceronte.gal/diccionario/</a>
Diccionario de pronuncia da lingua galega: <a href="http://ilg.usc.es/pronuncia/">http://ilg.usc.es/pronuncia/</a>
Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <a href="http://www.portaldaspalabras.org/">http://www.portaldaspalabras.org/</a>
Portal da Lingua Galega, Secretaría Xeral de Política Lingüística: <a href="https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega">https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega</a>
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <a href="http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg">http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg</a>

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, o centro dispón de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da lingua galega, Portal das palabras), blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

Ademais, débese contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións. Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial na ESO ten como finalidade obter información sobre os coñecementos previos na nosa materia e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Consistirá nunha proba individual baseada nos contidos mínimos do curso anterior que incluírá preguntas de comprensión lectora a partir dun texto e tamén cuestións de ortografía, gramática e de literatura no caso de 4º da ESO. O profesorado poderá aplicar outros instrumentos para avaliar a comprensión e expresión orais. A partir dos resultados decidirase se o nivel de cada alumno é o axeitado ou necesita algunha medida de reforzo.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión temos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.

- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
  - As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

#### Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, polasúa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, cotitor.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	80	0	75	45	0	85	0	<b>40</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	20	100	25	55	100	15	100	<b>60</b>

### Criterios de cualificación:

Para a avaliación do alumnado baseáremonos nos criterios de avaliación, pois son o referente para avaliar a aprendizaxe do discente de acordo cos estándares, os obxectivos, os contidos e o nivel de adquisición das competencias.

Os estándares de aprendizaxe son aquilo que concreta os criterios de avaliación, é dicir, que especifica os contidos e coñecementos que os alumnos e alumnas deben saber facer ou, o que é o mesmo, nas competencias que o alumnado debe acadar.

Nas avaliacións trimestrais a nota numérica será o resultado obtido da suma dos criterios de cualificación definidos nesta programación.

A recuperación da materia poderá facerse, segundo o criterio do profesor/a, progresivamente nas seguintes avaliacións, ao final de cada avaliación ou a través dunha proba no mes de xuño. En ambos casos a puntuación será:

- 1- Probas de avaliación escritas e/ou orais: 70%
- 2- Traballo na aula: 10%
- 3- Traballos e lecturas: 10%
- 4- Expresión oral: 10%

#### FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN

Ferramentas de avaliación do traballo competencial

Exames, caderno e traballos.

Probas de avaliación escritas/orais

70%

Evidencias dos estándares de aprendizaxe

30%

A ortografía tamén se valorará na obtención da cualificación do alumnado. As faltas penalizaranse ata un máximo de 2 puntos. Aplicaranse distintos tipos de penalización:

- ¿ Moi graves: tempos compostos, colocación incorrecta dos pronomes átonos, grafía y. Desconto: 0.1.
- ¿ Graves: erros nas grafías b/v, h ou castelanismos gramaticais ou léxicos en palabras de uso frecuente. Desconto: 0.05.
- ¿ Leves: Acentuación. Desconto: 0.01puntos.

Na avaliación de xuño:

- A cualificación obterase a partir da media ponderada do resultado das tres avaliacións (tendo en conta as posibles recuperacións) aplicada coas seguintes porcentaxes:

#### PORCENTAXE NA NOTA FINAL

1.ª avaliación

33%

2.ª avaliación

33%

3.ª avaliación

33%

Cualificación total

Nota media das tres avaliacións

O alumnado que non supere a materia nas avaliacións trimestrais poderá, se así o considera o/a profesor/a realizar unha proba da materia suspensa.

Nesa proba avaliarase a totalidade do curso, de acordo cos estándares recollidos na programación. A nota obtida no exame representará o 100% da cualificación do alumno/a.

Como as cualificacións teñen que expresarse en números naturais enteiros, haberá casos nos que haxa que recorrer a redondeos. Estes efectuaranse (tanto na avaliación ordinaria como extraordinaria) a partir de 0'5 cara á nota

inmediatamente superior. Porén, a nota do alumno/a será redondeada á alzasempre que a súa actitude e traballo xustifiquen esta mellora na súa cualificación.

Cómpre sinalar, ademais, que as condutas dos alumnos/as que constitúan unha fraude ou un engano (copiar nun exame, copiar traballos doutras persoas, entregar traballos plaxiados...) suporán a cualificación negativa na avaliación correspondente ou na avaliación extraordinaria de setembro.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non supere a materia nas avaliacións trimestrais poderá, se así o considera o/a profesor/a realizar unha proba da materia suspensa.

Nesa proba avaliarase a totalidade do curso, de acordo cos estándares recollidos na programación. A nota obtida no exame representará o 100% da cualificación do alumno/a.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado coa materia pendente terá este tratamento:

1- Faráselle un seguimento no curso actual por parte do/a profesor/a que lle imparta clase nese curso académico. Se este considera que progresa e aproba as avaliacións do curso actual, pode propoñer a recuperación da materia pendente.

2- Entregaráselle un caderniño de traballo. Para o seu seguimento deberallo presentar ao profesor/a que lle dá clase neste curso e seguir as súas directrices.

3- O profesor/a do curso actual decidirá se se ten que presentar ao exame de recuperación de maio ou se dá por recuperada a materia pendente.

4- Exame final en maio.

5- A avaliación será realizada por parte do/a profesor/a que lle imparte clase.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Para atender á diversidade partiremos do mesmo currículo común, pero adaptado ás necesidades de cada un. Preténdese que estes alumnos e alumnas acaden, dentro do mesmo sistema educativo, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Para coñecer quen necesita esta atención estableceranse os mecanismos oportunos e proporanse as medidas necesarias oíndo sempre ao Departamento de Orientación.

As medidas serán graduais e sempre transitorias e tenderán a que o alumnado poida incorporarse ao seu grupo de referencia.

Medidas específicas:

- Adaptación do currículo: ACI.

Nalgún caso a atención que precisa certo alumnado require unha maior concreción e individualización. Achégansenos casos onde as medidas cualificadas como Reforzo Educativo ou Agrupamento específico non son abondas polo que nos propomos adoptar a medida de Adaptación Curricular.

Trátase de casos onde, axudados e guiados polo departamento de orientación, modificamos contidos, obxectivos e criterios de avaliación para achegármolos o máis posible ás necesidades do alumnado.

- Reforzode lingua en 2º de ESO.



Para atender a diversidade partiremos do mesmo currículo común, pero adaptado ás necesidades de cada un. Preténdese que os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais alcancen, dentro do mesmo sistema educativo, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. É importante considerar as posibilidades de conseguir os obxectivos mínimos propostos para o grupo de referencia, aínda que se incida unicamente no tratamento dos contidos básicos, pois neste principio basease a posibilidade de que o alumnado poida reincorporarse ao seu grupo de referencia.

O alumnado destes agrupamentos necesita un cambio metodolóxico substancial, polo que o enfoque metodolóxico deberá ter como base proxectos de traballo nos que prime o carácter práctico e funcional dos contidos.

Sen prexuízo do carácter individualizado que debe ter a avaliación, para a elaboración dos criterios de avaliación do alumnado que reciba esta medida de apoio ás aprendizaxes básicas teranse en conta os criterios establecidos con carácter xeral para o grupo de referencia.

Para decidir quen necesita esta atención estableceranse os mecanismos propostos no apartado da avaliación e proporanse as medidas necesarias oíndo sempre o Departamento de Orientación.

As medidas serán graduais e sempre transitorias e tenderán a que o alumnado poida incorporarse ao seu grupo de referencia.

- Programas de reforzo educativo: apoio, PROA, ARCO
- Alumnado con integración tardía no sistema educativo ou doutros países: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permita continuar cos seus estudos con aproveitamento.
- Alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados ás necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial.
- Alumnado repetidor.

Os motivos polos que o alumnado debe permanecer un ano máis no mesmo curso poden ser variados, por déficit de coñecementos e habilidades básicas, por falta de motivación e interese, por falta de hábitos de traballo, por falta de técnicas de estudo, por dificultades á hora de asimilar información... Débense adoptar, entón, unha serie de medidas metodolóxicas que favorezan a mellora da súa aprendizaxe así como o desenvolvemento e adquisición das competencias clave, como reorientación académica, material de reforzo encamiñado a conseguir os contidos mínimos, apoio educativo, seguimento na súa evolución, colaboración co contorno familiar, entrevista co departamento de orientación, etc.

A propia repetición é unha medida extraordinaria de atención á diversidade polo que poden aplicarse outras medidas como Reforzo para exentos de Francés, Desdobres ou Orientación na elección de materias específicas.

O centro conta cun plan de convivencia. Existen regras de regulamento interno, normas de funcionamento e orientacións que serven para regular a convivencia no centro. O departamento de galego, coñece estas normas e favorece o seu cumprimento.

Contribuirá:

- favorecendo a integración e participación do alumnado,
  - mellorando a relación entre as familias e o centro,
  - sensibilizando a comunidade educativa na igualdade entre mulleres e homes,
  - actuando na prevención da violencia sexista, racista ou de calquera tipo.
- Así mesmo mediará, se é o caso, nos conflitos que se presenten e contribuirá á resolución dos mesmos actuando conxuntamente cos órganos de goberno, de coordinación docente, coas titorías e o departamento de orientación

## 7.1. Concreción dos elementos transversais



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comunicación audiovisual		X	X			X		
ET.2 - Competencia dixital			X	X	X	X		X
ET.3 - Emprendemento social e empresarial								X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico				X			X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X			X				
ET.6 - Igualdade de xénero					X			
ET.7 - Creatividade	X	X				X	X	

#### Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 2º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Integración no Club de lectura do centro: A Illa dos libros.	Integración no Club de lectura do centro: A Illa dos libros.	X	X	X
Actividades ofertadas polo Concello de Redondela.	Actividades ofertadas polo Concello de Redondela.	X	X	X
Visita a Radio Redondela.	Visita a Radio Redondela.		X	
O magosto e os xogos tradicionais.	O magosto e os xogos tradicionais.	X		
O entroido.	O entroido.		X	
Os maios.	Os maios.			X
As Letras Galegas.	As Letras Galegas.			X

### Observacións:

É moi difícil planificar ao comezo do curso as actividades que se realizarán xa que dependerá, en gran medida, da oferta.

Entre as actividades propostas sinalamos:

- Integración no Club de lectura do centro : A Illa dos libros.
- Actividades ofertadas polo Concello de Redondela.
- Visitas a museos: do Pobo Galego, de Pontevedra, Liste, ...
- Asistencia a representacións teatrais ou cinematográficas.
- Percorridos culturais pola vila de Redondela , Pontevedra ,Santiago, ...
- Visita a Radio Redondela.
- Visitas a diferentes industrias locais.
- O magosto e os xogos tradicionais.
- O entroido.
- Os maios.
- As Letras Galegas.
- Actividades de fin de curso.

As actividades realizadas recolleranse na memoria final.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
9. Fíxose un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Axustáronse as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa secuenciación.
Metodoloxía empregada
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
6. Impartíuse a clase de forma amena, con explicacións claras e exemplificacións sinxelas e comprensibles.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
8. Procurouse a actualización profesional, tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Medidas de atención á diversidade
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas, tanto culturais como de procedencia.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, valorando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
19. Analizáronse as cualificacións do alumnado e valoráronse as porcentaxes de aprobados e suspensos na materia.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou fillos.
Outros
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro (atención domiciliaria, hospitalización etc.), a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, criterios de avaliación, contidos e os mínimos de consecución.
14. Utilizáronse procedementos, criterios e instrumentos de avaliación adecuados.
21. Corrixíronse as probas no prazo establecido, e analizáronse e comentáronse posteriormente na aula.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

### Descrición:

A programación pode ser obxecto de revisión en calquera momento e, ao remate do curso escolar, recolleranse as propostas de melloras e axustes necesarios para perfeccionar o rendemento do alumnado na adquisición dos contidos, comprobar o grao de cumprimento da programación e valorar os resultados globais dos alumnos/as.

Ao principio de curso:

Revisamos a memoria final do curso anterior que nos orienta sobre posibles cambios na programación e propostas de mellora desta. Tamén fixamos unha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.

A avaliación inicial axudará na valoración da mesma.

Durante o curso:

As xuntanzas de departamento e as sesións de avaliación son unha boa fonte de información. Unha alta porcentaxe de cualificacións negativas debe facernos reflexionar sobre as nosas formulacións. De igual forma, se vemos que se

obteñen cualificacións altas sen demasiado esforzo, poderemos subir a esixencia. Ademais, nestas reunións podemos comparar os nosos resultados cos doutras materias e sacar as conclusións oportunas.

Na aula tamén podemos detectar se o nivel e a metodoloxía se adecúan ao grupo. Podemos pulsar a opinión do alumnado mediante enquisas, por exemplo.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación final será a máis representativa do axuste entre a programación e os resultados obtidos.

Outro bo indicador destes resultados é o nivel co que afrontan o curso seguinte os nosos alumnos.

Analízase se o desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas, a adecuación dos criterios de avaliación e cualificación establecidos, a adecuación do libro de texto e dos materiais didácticos utilizados, o funcionamento dos programas de apoio e recuperación, así como o grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.

As probas externas e a Avaliación de Diagnóstico tamén nos axudan a avaliar o axuste entre a programación e os resultados obtidos.

No remate do curso académico realizaremos unha memoria final na que se recollan os resultados de todos os cursos e as propostas de mellora cara ao curso seguinte.

## **9. Outros apartados**